

Obradoiro de Teatro de Obxectos e marionetas.

Do Luns 2 de Xullo ao Venres 6.

20H.

Ofrece: Alba Grande.

INTRODUCCIÓN

O obxecto ten a capacidade de crear a súa propia historia e poética polo feito de existir nun lugar.

A narrativa do teatro de obxectos non é a que estamos acostumadas a ver no teatro convencional. O propio obxecto é capaz de ofrecer unha convención ao público, para facerse entender ao seu xeito.

O obxecto atopará o seu xeito grazas á nosa mirada particular, á nosa curiosidade, paciencia, escoita e investigación.

O noso imaxinario profundo terá o poder da iniciativa, a través das formas e vontades dos obxectos.

Algún obxecto comeza a ser obxecto para nós, cando somos bebés. E pode mesmo comezar a ter calidades afectivas (evidentemente atribuídas). E até algúns obxectos poden chegar a transmitirnos emocións, con tan só aparecer ou moverse.

Ademais de pola súa simboloxía, un obxecto comeza a falar por sí mesmo, cando chegamos ao coñecemento da súa materia; e o obxecto mesmo, chega ao recoñecemento de sí mesmo coma ser vido á vida. Nós, como persoas cativas e titiriteiras, asistimos á súa descuberta do mundo e ás súas dúbidas, facilitándolle a nosa enerxía e capacidades para moverse.

A Observación:

Metodoloxías para conectarnos, experimentar e tamén adestrar, a nosa percepción e sensibilidades co noso entorno e cos diferentes obxectos:

-Observación Non-discriminante: Mirar coma cos ollos dunha cativa. Deixarse sorprenden.

-Observación sensible: Deixámoslles aos sentidos que nos guíen, o arrecendo, o vento, a textura...

-Observación temática: Tomar algunhas partes que nos interesen e observalo con análise.

-Observación instrumental: Utilizamos ferramentas para medir e/ou colleitar información, o máis científica posíbel.

-Observación global: Crear un mapa da nosa observación, unha constelación, un tecido, ou calquera interconexión entre as observacións máis destacadas.

-Observación global no tempo: Dende onde se fixo a observación global, voltamos á creación daquela primeira interconexión global, percibimos.

A observación é un parámetro esencial para o desempeño de calquera arte teatral e neste caso, os exercizos e o tempo adicado á observación, axudaranos a:

-Descubrir o espazo e o tempo dramático nos que se desenvolven os obxectos.

-Afinar a sutileza da nosa percepción.

O trato e o xogo con obxectos, materiais e marionetas para a creación teatral:

O Obxecto

A simboloxía do obxecto ordinario. Creación de historias.

Igual que unha actriz o obxecto precisa contar e practicar exercizos.

Exercizos de quecemento da titiriteira e do obxecto. (mans, articulacións, noso corpo íntegro, voz e obxectos).

Algúns materiais

Unha das rutinas durante as xornadas do obradoiro, será o quecemento con diferentes tipos de materiais (goma-espuma, paus, palla, bolsas de plástico, etc...) para exercitarse e afinarse en diferentes calidades de movemento e no trato dos materiais.

Marionetas

Haberá un pequeno apartado do obradoiro, adicado á presentación e experimentación con algunhas marionetas, co fin de comprender a súa forma e achegarnos a unha introdución sobre a fabricación e manipulación das nosas propias marionetas, feitas con obxectos ou anacos doutras bonecas, segundo distintos propósitos.

O personaxe da titiriteira

Veremos, de xeito introductorio, como a figura da titiriteira pode ter varias funcións dramáticas respecto aos obxectos ou marionetas.

A través da descuberta persoal e por grupos, aparecerán suxestións ou portas a outras dimensións narrativas.

Os obxectivos deste obradoiro son:

- Afinar a percepción de cada participante para que vexa posibilidades de contar unha historia cando mira calquera obxecto ordinario ou un escenario ou situación de obxectos.
- As participantes aprendan nocións moi básicas de teatro de obxectos, para poderen traballar na animación do obxecto que desexen.
- Experimentaren as posibilidades da narrativa teatral dos obxectos, integrándoa con outras narrativas teatrais.
- crear unha historia en grupo cunha familia de obxectos; o que pode resultar unha semente de proxecto para algunhas persoas.

Creación dunha peza dramática moi breve de teatro de obxectos:

A partires dos exercizos de quecemento e de composición, que iremos descubriendo cos obxectos, aprenderemos a crear e a recoñecer o material dramático que precisamos, para chegar a compoñer unha breve peza de teatro de obxectos, por dúos ou tríos.

Utilizaremos os recursos das fotografías como fotogramas, para compoñer unha pequena peza, unha *performance* ou un poema visual.

Notas á participación:

- Traer 3 obxectos cotiáns, polo uso ou pola súa presenza no noso cotián.*
- Traer 3 obxectos que nos impresionen por algún motivo.*

Tamén podedes traer algún monicreque ou outras experiencias, se vos apetece compartilo, pode ser que xoguemos con el, ou non.

Roupa cómoda, lapis e caderno de notas ou debuxos.

Alba Grande.

Comezou o seu camiño cos títeres de luva, o teatro e a paíasa en Galiza. Actuou en *Valdemuller*, espectáculo de títeres de mesa co Centro Dramático Galego. Formouse en teatro xestual no *Institut del Teatre* de Barcelona e en distintos estilos de marionetas e actuación, con outras mestras posteriormente; entre eles, practicou esgrima ambidextra co mestre *R.Pous* e aprendeu teatro de marionetas e obxectos con *Rene Baker*. Colaborou como paíasa en *Clowns sans Frontières* en Bélxica. Dende os últimos anos e actualmente, orienta o seu traballo a procesos diversos na creación escénica: teatro de obxectos, de marionetas construídas con materiais orgánicos, máscaras, etc. Amante das historias das xentes; sobre todo do rural e das mulleres, gusta de levar estes fíos ás creacións cos obxectos e á actuación.